Sala de comunicación

Actualidade

Novas

Actualidade en imaxes

Actualidade en vídeos

Actualidade en sons

Videoteca

Plans e actuacións

Consellos de Goberno

Conferencias e discursos do Presidente

# O ‘Galicia, ceo das letras’ da Cidade da Cultura analiza a figura de Blanco Amor como cronista dos estratos oprimidos da sociedade e renovador da narrativa galega

O director xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos, Francisco López, destaca a labor do autor da “Esmorga” como “divulgador da cultura galega” e o seu talento literario “rompendo co costumismo” da época

Bieito Iglesias, profesor, tradutor, xornalista e escritor, foi o encargado de achegar ao público a obra do ourensán, nunha sesión que estivo “amadriñada” pola Asociación de Escritores en Lingua Galega

O ciclo ‘Galicia, ceo das letras’, que comezou en xaneiro, rematará na sesión do 25 de xuño coa sesión dedicada a Borges e que contará coa presenza da súa viúva e musa, María Kodama

Escoitar

Volver



O director xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos, Francisco López, participou na sesión ‘Blanco Amor ou a paixón das marxes’ no marco do ciclo ‘Galicia, ceo das letras’

**Santiago, 11 de xuño de 2011.-** A mestría de Eduardo Blanco Amor, como cronista dos estratos máis oprimidos e de personaxes que vivían nas marxes da sociedade, centrou esta mañá o Galicia, ceo das letras, o ciclo literario que desde xaneiro se desenvolve dous sábados ao mes na Biblioteca da Cidade da Cultura e que toca ao su fin. A última sesión, dedicada a Jorge Luis Borges, está prevista para o 25 de xuño e contará cunha invitada de excepción: a viúva e musa do escritor, María Kodama.

O director xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos, Francisco López, destacou a importancia de Blanco Amor como “renovador da narrativa galega”, ao tempo que gabou a “súa ruptura co costumismo imperante na época na que viviu” e “os seu traballo incansable como divulgador e activista da cultura galega” nas súas diferentes facetas.

Bieito Iglesias, profesor, tradutor, xornalista e novelista, foi o encargado de achegar ao público ao universo literario deste ourensán, autor de novelas como A Esmorga ou Xente ao Lonxe, fundador de revistas como Terra e mesmo editor de textos como Seis poemas galegos de García Lorca. Pola súa produción literaria, Bieito Iglesias conta na súa carreira co Premio García Barros, o da Crítica ou o Merlín de Literatura Infantil e Xuvenil. A sesión, “amadriñada” pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, estivo presentada polo presidente de esta entidade, Cesáreo Sánchez Iglesias, e pola secretaria xeral, Mercedes Queixas Zas. Ademais, estreouse o documental EBA, universo Blanco Amor, producido por esta asociación, que representa a 380 escritores. A través de diferentes entrevistas trázase un retrato da vida de Blanco Amor.

Na sesión de Borges, coa que se pechará o ciclo “Galicia, ceo das letras”, e para a que xa se esgotaron as prazas, ademais da viúva do escritor, está previsto o concerto de Mónica Monasterio e Horacio Lovecchio, intérpretes arxentinos de música tradicional sefadí e contemporánea xudeo-española. A sesión estará presentada por Claudio Rodríguez Fer.

Tema: Cultura

Departamento: Consellería de Cultura e Turismo

Compártao :

© Xunta de Galicia. Información mantida e publicada na internet pola Xunta de Galicia
Oficina de Rexistro Único e Información | Suxestións e queixas | Aviso legal | Atendémolo/a